



Modificación do Acordo de persoal interino

A Consellaría presenta unha modificación transitoria do Acordo de persoal interino para que os e as opositoras de 2023 non se incorporen ás listas de substitución

Na Mesa Sectorial de novembro, e ante a posibilidade xa avanzada pola Consellaría de incorporar esta medida, a CIG-Ensino xa dixo que “apoiar unha decisión destas características só se pode facer con toda a información enriba da Mesa”. Na nosa intervención incidimos en que había que saber cal é a previsión de chamamentos para o que queda de curso, e como van a quedar as listas. Se hai algunha especialidade nas que non sería necesarias novas listas ao ter xa moito persoal, ou pola contra vai ser necesario abrilas en varias especialidades.

A resposta á nosa intervención aparece na exposición de motivos, cando a Consellaría afirma que “na maioría das especialidades que se convocan, as expectativas de prestar servizos como persoal interino e substituto son moi reducidas para as persoas que se incorporarían as listas polo ... que non resulta aconsellable incorporar novo persoal ás listas de interinidades e substitucións”.

Con todo, a Consellaría non achega, como solicitou o sindicato, previsión de chamamentos para o que queda de curso e a afirmación que fai non nos parece suficiente. Aínda así, o que nos parecería un despropósito é provocar un efecto chamada para poder quedar en listas nunhas oposicións extraordinarias e únicas, cun número moi reducido de prazas, como van ser as de xuño de 2023 se non existen realmente posibilidades de acceder a un posto de traballo.

Desde a CIG-Ensino, máis alá desta modificación puntual, consideramos totalmente fóra de lugar que só se efectúen modificacións deste tipo e se desatendan vellas demandas que vimos reclamando desde o sindicato para mellorar o sistema de listas.

A Consellaría debe volver ao baremo ordinario previo á pandemia nas aperturas de listas

En outubro de 2020 a Consellaría de Educación, co apoio dos demais sindicatos, introduciu unha disposición transitoria na Addenda de interinos:

1. Con motivo da COVID-19 e ata a finalización do curso académico no que as autoridades correspondentes determinen que deixaron de concorrer as circunstancias extraordinarias derivadas da pandemia xerada pola COVID-19 que motivaron a súa aprobación, se unha vez realizado o chamamento a todas as persoas que constan nas relacións mencionadas no punto segundo, continuase resultando necesario cubrir necesidades de profesorado, a Consellaría de Cultura, Educación e Universidade, logo de comunicación ás organizacións sindicais con presenza na mesa sectorial docente non universitaria, procederá a abrir un prazo de solicitudes, aplicándose como único punto do baremo a nota media do expediente académico alegado para ingreso no corpo.

Xa nese momento criticamos que esta medida se tomaba unicamente polo problema que a Consellaría de Educación tiña de falta de persoal para facer o traballo en tempo e forma, e que o que debe facer é programar a apertura de listas nun período concreto do curso e ter contratado suficiente persoal para poder facer a baremación no menor tempo posíbel.

Pero se xa daquela a COVID era só a excusa, menos sentido ten seguir empregando unicamente o criterio da nota media do expediente académico, como se fixo por exemplo na apertura das listaxes de varios corpos o 29 de novembro, e solicitamos que se utilice como criterio o baremo ordinario que se recolle no punto décimo da addenda, eliminando esa disposición transitoria.

Melloras no actual acordo propostas reiteradamente pola CIG-Ensino e que nin a Consellaría nin os demais sindicatos comparten

Levamos numerosas modificacións do acordo de interinos nas que a CIG-Ensino presenta propostas para superar as limitacións na negociación que impón a Consellaría. Por desgraza, os demais sindicatos non moven un dedo por

facen unha fronte común e abrir máis alá a negociación. Mantemos as seguintes demandas:

Ampliación dos chamamentos a todos os días da semana. Non se pode limitar a dous días. As datas e horas de chamamentos, ademais das normas, deben ser públicas.

Desfacer o desequilibrio nos motivos das renuncias. A duración das renuncias en función dos diferentes motivos está desfasada e non responde a criterios de equidade co motivo que leva á renuncia. Así, non existe límite para a ampliación de estudos e si o hai por ter outro contrato de traballo ou por ter fillos menores. Esta redacción non ten sentido. Entendemos que require unha revisión.

Renuncia a chamamentos durante 3 anos sen xustificación. Demandamos que se introduza a renuncia a chamamentos durante un prazo máximo de 3 anos sen xustificación. Neste momento todas as persoas poden limitar a unha provincia os chamamentos ou renunciar a seren chamadas por determinados motivos. Creemos que debe favorecerse que se poida renunciar sen xustificación durante 3 anos con carácter xeral e que este prazo se poida ampliar no caso dos motivos actualmente existentes, mesmo fixando un tope de anos, se se acepta a nosa proposta.

Ampliar a idade dos fillos ou fillas para poder renunciar. Debe acomodarse á idade que con carácter xeral emprega a Xunta para a conciliación familiar, reducións de xornada etc.: 12 anos. Hai que ter en conta que outros prazos como o coidado de familiares ou a ampliación de estudos non teñen límite. Na norma debe figurar a data na que se debe cumprir o requisito da idade: momento da renuncia, final de ano como nas concilia ou final de curso. Caso de non aceptar esta proposta con carácter xeral si debe terse en conta en caso de familias monoparentais ou crianzas con discapacidade, como xa se fai para as comisións por conciliación.

Actualizar as condicións da renuncia por ter outro contrato de traballo. Debe ampliarse a calquera tipo de contratación: persoas autónomas, fixos discontinuos, indefinidas, a tempo parcial, empregados públicos nunha categoría inferior etc. Tras a reforma laboral moitos contratos temporais foron transformados en indefinidos (sen que cambie nada agás a indemnización) ou en fixos discontinuos. Calquera persoa debe ter opción a eses 3 anos de suspensión.

Consolidación na lista cando se renuncia sendo a última persoa chamada. A consolidación na lista en caso dunha renuncia non debe depender dos seguintes chamamentos. Neste momento só se acepta que unha persoa consolide en

caso de renuncia se outra posterior na lista acepta unha praza. Entendemos que é discriminatorio, xa que foi chamada e lle correspondía traballar.

Ampliar as causas xustificadas para non presentarse aos procedementos selectivos. Ademais da acreditación de enfermidade no día da presentación debe incorporarse tamén atoparse nas 6 semanas de descanso obrigatorio após o parto, adopción ou acollemento, tanto no caso da nai biolóxica como da outra persoa proxenitora.

Controlar a restrición de chamamentos para substitucións en concellos nos que non se imparte a especialidade. A norma está clara para a petición de destinos no CADP mais nos chamamentos telefónicos hai xente que reduce a concellos nos que non se imparte, sen que se comprobe pola Consellaría, o que implica un trato discriminatorio entre o profesorado.

Conversión en interinidades de todos os contratos de substitución cando a praza se converte nunha vacante. A Consellaría pasa a interinidade un contrato de substitución se se produce a xubilación do titular (ou calquera outro motivo que dea lugar a que a praza fique vacante), mais restrinxe este dereito a que ese cambio se produza antes do 1 de xuño. A CIG-Ensino está en desacordo e defende que non se fixe ningún límite, de tal maneira que se a praza queda sen titular se transforme o contrato automaticamente.

Reserva do posto para as mulleres nunha baixa médica derivada do embarazo e recoñecemento dese tempo como servizo prestado. Demandamos que se dea o mesmo trato nas baixas derivadas do embarazo que no caso dos permisos de natalidade, tomando posesión da praza coa finalidade de que lles recoñezan os servizos que lles corresponderían prestar.

Pagamento do verán ao profesorado substituto que traballou cinco meses e medio durante o curso escolar. Malia que non se dan as circunstancias para manter o bloqueo da Xunta a este pago, nin a Consellaría nin os sindicatos que a apoian poñen en cuestión que se siga vulnerando o texto do propio acordo

A Consellaría non acepta introducir ningunha das melloras que propuxemos e obtivo o apoio dos demais sindicatos que tamén entenden que “non toca” facer ningún outro cambio. Nesa negativa tamén inclúen a de volver ao baremo ordinario de acceso a listas que propón a CIG-Ensino, retirando a disposición que regula con carácter transitorio o baremo só co expediente académico “vinculado á COVID”.